

*Génesis y evolución del  
Derecho Urbanístico español  
(1812-1956)*

Martín  
Bassols  
Coma

Ed. Montecorvo, Madrid, 1973.

A primeira reflexión que debemos facer ó comentar esta obra é que, probablemente, xa estea feita a mellor recensión da mesma. E é que o prólogo deste libro, do profesor Garrido Falla, constitúe un exame detallado e rigoroso do seu contido.

É un libro extenso, seiscentas trinta e oito páxinas, que se cingue ó exame do dereito urbanístico, a través do estudio dos textos legais que se foron sucedendo desde 1812, ata a lei de 1956, texto vixente no momento de publicarse o libro obxecto da presente recensión.

O autor, partindo da concepción do dereito urbanístico como categoría histórica, examina as institucións concretas, preguntándose:

“porque han nacido; cuales eran sus condicionamientos políticos, sociales y jurídicos; que ejemplos del derecho comparado han influido en su nacimiento; cual era el estado de la doctrina o el factor original

que ha contribuido a su nacimiento; como se encarnaba en el Derecho vigente en su época; porque fue necesaria la modificación del Derecho hasta entonces vigente para disciplinar el nuevo fenómeno del urbanismo; que ideas de orden político, técnico-urbanístico y jurídico determinaron la regulación de las instituciones urbanísticas o inclusive su frustración por la novedad que entrañaban o por la falta de preparación cultural o ideológica de la época" (p. 49).

A obra está dividida en cinco partes, e estas en vinteún capítulos:

#### ■ PRIMEIRA PARTE (1812-1868).

**Capítulo primeiro**, onde o autor parte da consideración de que, a emerxencia do dereito urbanístico non está condicionada por unha formulación crítica ou ideolóxica da cidade industrial. O urbanismo, nun primeiro momento, será realista e técnico.

Por outra parte, non podía faltar nesta primeira etapa, a referencia ó réxime constitucional, e, con iso, á Constitución de 1812, que no seu artigo 173, se proclama o principio de que a propiedade privada, só pode ceder ante o interese público formalmente declarado e sempre previa indemnización.

**Capítulo segundo**, trata o encadramento tradicional das cuestións urbanísticas no ámbito da policía urbana.

**Capítulo terceiro**, contén unha interesante análise da primeira técnica urbanística de actuación de conxuntos, as aliñacións de vías públicas. É importante destacar que a consagración desta técnica, como unha técnica urbanística autónoma e substantiva, aparece na lexislación municipal do período constituínte.

**Capítulo cuarto**, onde se refire á estruturación dunha incipiente organización administrativa urbanística estatal.

**Capítulo quinto**, contén os primeiros pasos cara á formulación dunha lexislación xeral sobre urbanismo. Así, trata os procesos de formación e realización do ensanche, que considerado como operación urbanística, presenta a orixinalidade de proxecta-la súa operatividade sobre os terreos rústicos inmediatos ós recintos urbanos.

**Capítulo sexto**, trata a lexislación específica sobre ensanche das poboacións, con referencia e exame detallado da Lei do ensanche das poboacións de 1864, o dictame e pro-

xecto do regulamento da Lei de ensanches elaborado por unha Xunta de Propietarios de Barcelona, e o regulamento para a execución da Lei de Ensanche de 1867.

É importante salientar que, nesta primeira etapa, acóllese esta técnica urbanística como fórmula para resolver a chamada “cuestión de inquilinatos”.

#### ■ SEGUNDA PARTE (1868-1900)

**Capítulo primeiro**, contén unha sucinta referencia ás características deste segundo período. Sendo que, a característica fundamental é a adaptación e acomodación das institucións xurídico-urbanísticas aludidas e decantadas no período anterior, ós novos postulados xurídicos-políticos e administrativos derivados, primeiro, do sexenio revolucionario (1868-1874), e, a continuación, ós da instauración do réxime político e administrativo da restauración. Salientándose que, mentres que no período revolucionario se incorporan modificacións esenciais en materia de expropiación forzosa na lexislación do ensanche, na etapa da restauración lévase a cabo unha obra de rectificación do período revolucionario.

**Capítulo segundo**, onde o autor analiza detalladamente as leis de ensanche de 1876 e 1892.

**Capítulo terceiro**, trata o autor, a reforma urbanística que se presentaba como urxente por ser precisa a conexións dos distintos réximes xurídicos ós que podían estar sometidos os antigos cascos e os ensanches. Así, analiza as proposicións de lei de Gabirol e Turull e a de Dánvila, a Lei de expropiación forzosa de 1879, a proposición de lei de S. Moret, o Proxecto de lei de S. Montero Ríos, o Proxecto de reforma da lei de expropiación de Santos de Isasa e, por último, a Proposición de lei do conde de Estradas.

**Capítulo cuarto**, dedícao o autor, á regulación específica das obras de saneamento e mellora interior das grandes poboacións, a Lei do 18 de marzo de 1895 e o seu regulamento.

**Capítulo quinto**, onde se desenvolve de forma simple a formulación das cuestións de carácter urbanístico no Código civil (1889), na súa consideración de norma fundamental do dereito común.

#### ■ TERCEIRA PARTE (1900-1923)

**Capítulo primeiro**, onde o autor expón de forma xeral, os novos problemas que presentou o proceso de concentración



urbana e as novas concepcións urbanísticas, con referencia, naturalmente, á “cidade lineal”.

**Capítulo segundo**, que contén os intentos legislativos de supera-la lexislación de ensanche, dada a incapacidade desta para resolver os novos problemas ocasionados, tales como a aparición de suburbios, deficiencias sanitarias e de saneamento e escaseza de vivendas.

**Capítulo terceiro**, onde o autor examina o dilatado proceso de reforma do réxime local.

**Capítulo cuarto**, contén un estudio do proxecto de lei sobre fomento da edificación de J. Chapaprieta, que foi elaborado, en resposta á necesidade imperiosa de harmonización e coordinación das normas tipicamente urbanísticas, coas de carácter sanitario.

#### ■ CUARTA PARTE (1923-1936)

**Capítulo primeiro**, contén consideracións xerais sobre este período, sendo digno de mención que, neste momento, debemos situar historicamente os comezos da planificación rexional e supramunicipal.

**Capítulo segundo**, o autor, estudia o Estatuto municipal de 1924 e os seus regulamentos. Ás operacións de ensanche, saneamento e reforma interior, o referido estatuto conferiulle o rango de cometidos ordinarios do municipio.

**Capítulo terceiro**, onde o autor, trata as primeiras experiencias urbanísticas a nivel supramunicipal ou rexional.

#### ■ QUINTA PARTE (1936-1956)

**Capítulo primeiro**, trata do novo período que se inicia a partir do ano 1939, na evolución do noso dereito urbanístico, podendo afirmarse, en liñas xerais, que este período se caracteriza pola acentuación do proceso de concentración urbana nas grandes urbes.

**Capítulo segundo**, onde o autor trata con detalle e esmero as diversas tendencias e orientacións sobre a reforma urbanística, ata a Lei do solo do 56. Parte do estudio da lexislación de réxime local, pasando polo exame da planificación sectorial da vivenda, ata chegar ás normas urbanísticas de carácter específico.

**Capítulo terceiro**, que contén o proceso de elaboración e promulgación da Lei do Solo de 1956 –vixente no momento

## **B**IBLIOGRAFÍA E **R**ECENSIÓNS

de publicarse o libro obxecto da presente recensión—, a referencia ó dereito comparado, e, por último, a influencia do dereito urbanístico histórico na Lei do Solo.

En suma, trátase dunha obra consolidada que ofrece unha completa e detallada exposición do dereito urbanístico histórico. **G**

Ana María Blanco Nespereira